GUÍA DIDÁCTICA

O proxecto**“Women invisibility in the contemporary History”**está deseñado fundamentalmente para unha Sección Bilingüe de lingua inglesa da materia Xeografía e Historia de 4º da ESO, polo que está elaborado enteiramente en inglés, e ten como eixe vertebrador dos 4 ODEs que o constitúen a *discriminación e invisibilidade da muller en diferentes aspectos da sociedade contemporánea, entendida esta desde un enfoque globalizador da Historia.*

Preténdese así dar cumprimento á indicación recollida para a materia de Xeografía e Historia do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño* cando di que *“ a evolución histórica dos dereitos da muller ata actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula”.*

OBXECTIVOS EDUCATIVOS

A concreción en cada secuencia dos obxectivos correspondentes non impide a formulación dos seguintes cun carácter máis xeral. Ao tratarse de material para unha sección bilingüe, inclúense obxectivos relacionados co enfoque CLIL/AICLE.

1- Reflexionar sobre a situación de discriminación da muller na sociedade e as súas raíces históricas, e rexeitar os estereotipos que fomentan dita situación. (*obxectivos a,c,d dos establecidos no Decreto 86/2015*)
2- Comprender as dificultades das mulleres para loitar polos seus dereitos e para acceder a espazos socioeconómicos, políticos e cultutais

tradicionalmente reservados por e para os homes, e coñecer a mulleres que realizaran achegas importantes nestes campos.(*a,c,d,l,n*)

3- Utilizar progresivamente o inglés como vehículo de comunicación.(*i*)
4- Adquirir un manexo autoónomo e crítico de fontes de información en lingua inglesa, especialmente as ligadas ás tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) (*e,l*)
5- Desenvolver a capacidade para aprender a aprender e para realizar unha aprendizaxe autónoma e colaborativa.(*b,g*)
6- Facilitar o desenvolvemento das competencias clave ligadas aos materiais deseñados.

ASPECTOS CURRICULARES

A cobertura curricular do proxecto é o bloque 4 da materia Xeografía e Historia de 4º da ESO, en concreto os contidos básicos establecidos no citado *Decreto 86/2015* dos apartados B4.1,B4.2, B4.3 e B4.5, que complementa dun xeito transversal. Quere isto dicir que non se trata tanto de proporcionar un recurso para o traballo de ditos contidos, senón sobre todo para dar visibilidade ao papel da muller en distintas facetas da sociedade contemporánea, reflexionar sobre os mecanismos empregados para a súa discriminación, e as loitas para superala.

Dende un punto de vista cronolóxico, dados os apartados do currículo aos que se adapta, a etapa escollida abrangue desde o inicio do colonialismo do século XIX ata a Primeira Guerra Mundial, é dicir, entre 1870 e 1918 aproximadamente.

Tendo en conta o seu carácter transversal, flexibilidade e adaptabilidade a diferentes niveis de afondamento, pode ser igualmente un material axeitado en parte para traballar contidos do bloque 5 de Valores Éticos de 3º da ESO (B5.9 "*Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento)*

Competencias clave

a) Comunicación lingüística(CCL), inherente ao enfoque AICLE.
b) Competencia dixital (CD), dada a natureza TIC dos materiais do traballo.
c) Aprender a aprender (CAA), xa que se trata de material deseñado para un proceso de aprendizaxe autónoma e colaborativa.
d) Competencias sociais e cívicas (CSC), a través do coñecemento e reflexión sobre os factores da discriminación histórica das mulleres
e) Conciencia e expresións culturais(CCEC), abordando o coñecemento e a comprensión de diferentes manifestacións artísticas.
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE),organizando actividades en equipo e planificando propostas de traballo colaborativo.

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

O recurso facilita o uso dunha metodoloxía activa na que o alumnado sexa construtor activo da súa aprendizaxe. Isto é posible a través de diferentes actividades de búsqueda de información, elaboración de contidos, análise e reflexión,e mais resolución de tarefas.

O profesor poderá actuar fundamentalmente como orientador, como guía para a utilización axeitada do material, coordinador das postas en común das

diferentes tarefas, presentacións e debates realizados polo alumnado, limitando o uso dunha metodoloxía expositiva especialmente ao inicio de cada secuencia educativa.

Empregarase una metodoloxía CLIL/AICLE para o traballo das destrezas básicas, *writing, listening, speaking,* do ensino da lingua inglesa.

Así mesmo, preténdese o uso dunha metodoloxía participativa, favorecendo o traballo non só individual, senón tamén o cooperativo mediante propostas de actividades para realizar en grupo.

A ferramenta empregada, eXeLearning, claramente orientada á elaboración de contidos educativos, facilita unha navegación sinxela e intuitiva a través dun menú dinámico, polo que se adapta ás consideracións metodolóxicas antes mencionadas.

O proxecto organízase en catro secuencias didácticas, cada unha das cales constitúe un ODE, é dicir, un módulo dixital independente cunha función determinada en si mesmo.

1. **Women exploring**, no contexto do imperialismo do século XIX.
2. **Women fighting**, para traballar a loita das mulleres polos seus dereitos, especialmente o movemento sufraxista.
3. **Women working**, centrada nas chamadas *munitionettes* , coma exemplo da masiva incorporación das mulleres ao traballo industrial na Primeira Guerra Mundial e as súas consecuencias.
4. **Women creating**, para estudar os principais movementos artísticos nesa época a través da obra de mulleres artistas.

Cada unha destas secuencias conta cos seguintes apartados fixos:

- *Just have a look!*
- *Learning objectives*
- *Historical context*
- *Women (exploring, fighting...)*
- *Social awareness*
- *Let´s go further*
- *Let´s review*
- *Let´s recap*
- *References*

Just have a look!

Mediante imaxes, textos e algunhas preguntas sinxelas preséntase o tema central da secuencia, tentando espertar o interese do alumnado.

Learning objectives

Especifícanse os obxectivos da secuencia.

Historical context

Malia tratarse do apartado que de maneira máis específica traballa os contidos curriculares establecidos no *Decreto 86/2015*(especialmente nos tres primeiros ODEs), non busca profundar nos mesmos, senón proporcionar o contexto histórico necesario para o adecuado seguimento dos contidos de carácter transversal de cada secuencia.

Women (exploring, fighting, working, creating)

Coincidindo co titulo de cada secuencia educativa,constitúe o núcleo específico de cada unha delas,e facilita ao alumnado, a través de diferentes apartados e actividades,o coñecemento das mulleres protagonistas de cada unha das facetas da sociedade contemporánea traballadas e as súas achegas mais importantes.

Social awareness

Achega os elementos necesarios para comprender a visión que a sociedade daquel momento tiña de ditas mulleres, os elementos empregados para a súa discriminación, destacando o papel da educación,e para a reflexión sobre o predominio dun punto de vista masculino na transmisión da Historia que as invisibiliza.

Let´sgofurther

Actividades pensadas para o alumnado con posibilidade dun maior afondamento.

Let´sreview

Actividades máis sinxelas de revisión da información traballada con anterioridade, de vocabulario ou de coñecementos básicos relacionados co tema da secuencia educativa.

Let´srecap

Exame SCORM, test de escolla múltiple, que permite a autoavaliación.

References

Recolle os libros e páxinas web consultados, a información sobre as imaxes empregadas e os vídeos de posible visionado.

O criterio do docente que empregue o recurso establecerá o uso do mesmo na súa totalidade ou parcialmente, o que é posible dada a súa estrutura e fácil manexo do índice.

ACTIVIDADES QUE SE PROPOÑEN

Á hora de elaborar as actividades tense en conta a búsquena dunha aprendizaxe interactiva, autónoma, flexible e colaborativa, tentando conseguir a motivación e a implicación do alumnado.

Aquelas actividades baseadas en información obtida na rede a través de enlaces non dependen para a súa realización da permanencia na rede de ditos recursos en concreto, conscientes do risco de que sexan suprimidos.

- No apartado *Historical Context* inclúense a elaboración de mapas de ideas (*Map your mind*), que o alumnado debe realizar empregando a ferrramenta da súa elección a partir dun esquema inicial, para sintetizar e organizar as ideas principais.
- Tendo en conta que os obxectivos do recurso céntranse na capacidade de reflexión e comprensión do alumnado, moitas das actividades suxeridas buscan precisamente o desenvolvemento de ditas capacidades, por exemplo baixo o título *Think about it.*

- Traballo con fontes (*Work with sources*), textos e imaxes, e actividades de lectura.
- Actividades elaboradas coa ferramenta eXe, ou con otras ferramentas coma Hot potatoes, con preguntas de escolla múltiple, de espazos en branco e de verdadeiro ou falso, coa posibilidade de autocorrección e retroalimentación.
- Solicítase ao alumnado, de xeito individual ou en grupo, a elaboración dos seus propios materiais con ferramentas dixitais para elaborar presentacións, posters, liñas do tempo, nubes de palabras. Será o docente o que indicará en cada caso o destino do produto final.
- Actividades nas que o alumnado debe poñerse na pel dunha muller desa época *(Put yourselves in their shoes)* para reflexionar sobre as súas condicións, achegas, dificultades....
- O enfoque metodolóxico participativo e cooperativo leva a propoñer diferentes actividades a desenvolver en grupo para a realización de tarefas de búsqueda de información, elaboración de presentacións e postas en común ou debates.
- Actividades especialmente pensadas para a atención a diversidade:
    a) *Let´s go further* para o alumnado que polas súas capacidades e ritmo de traballo ten posibilidades de realizar actividades dun maior afondamento.
    b) *Let´s review para* o alumnado menos motivado ou con carencias de base, con actividades mais sinxelas ou xogos (*Hangman game*).

AVALIACIÓN E RETROALIMENTACIÓN

Nun enfoque competencial do proceso de ensino-aprendizaxe, la retroalimentación proporciona ao alumnado unha resposta inmediata ás súas accións, o que lle permite coñecer e corrixir os erros, pero tamén coñecer os seus acertos. Isto axuda a aumentar a súa motivación e a construír de maneira máis autónoma a súa propia aprendizaxe.

Nas catros secuencias que constitúen o proxecto, a maior parte das actividades elaboradas con eXeLearning conteñen a súa propia retroalimentación. Nos outros casos será o docente o que achegue a retroalimentación no momento de recibir as actividades, ou cando estas sexan presentadas na aula.

Para as tarefas que requiren un maior traballo por parte do alumnado, coma a elaboración de presentacións, posters... se deseñan rúbricas para a sua avalación. Deste modo os alumnos coñecen de antemán máis claramente os criterios polos que serán avaliados.

Así mesmo, para o proceso de avaliación, cada secuencia conta cun exame SCORM ao final da mesma, o que permite tamén a autoavaliación.